

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Ao igual que nos meses anteriores, este mes de Xullo, dende a Área de Igualdade da Deputación Provincial, queremos dar continuidade ao programa “8M, Mes a Mes”. Neste mes queremos destacar a importancia das asociacións de integración e labor social, representadas neste caso pola asociación ASPADISI (Asociación de Pais e Discapacitados da Comarca do Carballiño), cuxa presidenta, Josefa Rodríguez Álvarez, tivemos a honra de poder entrevistar. O lema seleccionado foi: “Mentes que suman, voces que empoderan”

Josefa, foi unha das fundadoras da asociación ASPADISI no 1995; Ano no que comezou coma tesoreira. Foi pasando por diversos postos dentro da organización ata acadar a presidencia no 2003. O impulso de Josefa por levar a cabo esta gran labor social e de integración foi o seu fillo. Este é discapacitado e Josefa, naquel entón, estaba abrumada pola gran dúbida “Qué será do meu fillo cando medre?” , así que, xunto con outros pais nesta mesma situación decidiron, ca axuda de FADEMGGA, crear a asociación como lugar de reunión, formación e integración. Comenzaron sen nada, mais foi o Concello do Carballiño cedeu un local para comezar cas actuacións da asociación. Anos máis tarde, no 2004 cedeuselhes un terreo urbanizable no que comenzaron a edificación do actual centro ocupacional. No 2006 puideron trasladarse alí definitivamente.


Na actualidade, ASPADISI conta cun centro ocupacional que ten 43 usuarios e cunha residencia de 32 prazas, das cales 18 xa están ocupadas. Tanto na residencia como no centro ocupacional realizan diversas actividades entre as que destacan a creación de bolsas de papel e chaveiros, os cales comercializan e co recaudado crearon un fondo social. Neste, recóllense os beneficios para invertilos na praza da residencia daqueles usuarios que non poden costear os gastos. Ademais, dende o centro ocupacional ofértase formación para os usuarios e temario para as diferentes oposicións.

Ao preguntar a Josefa polos usuarios do centro recibimos estas tenras palabras: “Teño tantos fillos aos que quero pola vida... Para min son felicidade” ao mesmo tempo que nos deixa claro que todo este traballo non podría ser posible sen a axuda dos demais colaboradores, especialmente do vicepresidente, Manuel Amil Otero, do que conta con gran apoio e dedicación.

Contacto: 649 31 19 37 (Josefa Rodríguez Álvarez) asociacionaspadisi@hotmail.com









#igualOU